

FISIOTERAPIA XERAL 1

Pablo Campo Prieto, M^a del Rocío Abalo Núñez,
Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador) e M^a Mercedes Soto González.

Curso 2024-25

Clases teóricas: martes de 17:45 a 19:45 e xoves de 15:45 a 17:45 horas.

Clases prácticas: de luns a xoves de 9:30 a 13:30.


VALORACIÓN DA MATERIA

Á hora de valorar a materia, haberá 2 opcións básicas: avaliación continua e avaliación global. En ámbolos dous casos, para superar a materia, terase que acadar, polo menos, **5 puntos sobre os 10** posibles.

A distribución global da cualificación da materia NO CASO DE **AVALICIÓN CONTINUA** pódese observar no seguinte esquema:

	Porcentaxe	Puntos
Exame tipo test	15%	1,5
Exame teórico	25%	2,5
Exame práctico (decembro)	25 %	2,5
Exame práctico (xaneiro)	35%	3,5
TOTAL	100%	10

Nos distintos compoñentes, o/a alumno/a deberá acadar 5 puntos na escala de 0 a 10 puntos para poder dalos por superados.



Para **facер media** dentro da parte teórica terase que acadar, cando menos, un 4 en cada un dos exames; na parte práctica, un 4 en cada unha das preguntas. Para facer media entre a teoría e a práctica, terase que acadar, cando menos, un 5 en cada unha delas.

O **exame tipo test** estará conformado por 20 preguntas de resposta única (duración máxima de 25 minutos), todas elas co mesmo valor, sobre os contidos de masoterapia e relaxación miofascial. Para superalo, o estudante terá que acadar, polo menos, 0,75 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). Por outra parte, sinalar que as deixadas en branco non descontarán, pero si o farán as contestacións erradas tal e como se indica na seguinte fórmula:

$$\text{Cualificación} = [\text{acertos} - (\text{erros}/n^{\circ} \text{opcións} - 1) / n^{\circ} \text{preguntas}] \cdot 10$$

Este exame farase na 5^a semana de docencia no horario da materia.

O **exame teórico**, pola súa parte, estará conformado por un exame de 5 preguntas de desenvolvemento curtas. Todas as preguntas terán o mesmo valor, valorándose dentro da escala de 0 a 10 puntos cada unha delas, pero despois ponderaranse á porcentaxe sinalada, e o exame terá unha duración dunha hora como máximo.

As 5 preguntas curtas¹ serán sobre os contidos de cyriax, drenaxe linfático manual, crioterapia, termoterapia e hidroterapia. Para superalo, o estudante terá que acadar, cando menos, 1,25 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos).

Este exame farase na 14^a semana de docencia no horario da materia.

En relación á avaliación dos contidos prácticos, haberá 2 exames prácticos tamén. Para presentarse aos exames prácticos, o/a alumno/a terá que presentarse primeiro aos teóricos.

¹ As preguntas curtas son ben de relacionar conceptos, ben de aplicación nunha situación concreta ou ben sobre contidos específicos.

O xoves **14 de setembro** haberá una actividade de aprendizaxe colaborativa. Quen non a faga, terá unha pregunta teórica máis de masoterapia (na avaliación global estándar) ou 2 preguntas máis no exame tipo test (avaliación continuada).

O **exame práctico 1** consistirá en dar resposta práctica a 2 aplicacións das vistas durante o cuadrimestre e elixidas ao azar polo/a alumno/a: 1 de hidroterapia (cun valor de 1,5 puntos) e 1 de masaxe transversa profunda, termoterapia ou crioterapia (cun valor de 1 punto). As preguntas valoraranse de 0 a 10, pero despois ponderaranse ao valor sinalado.

Este exame farase na derradeira semana de docencia no horario da materia.


Pola súa parte, o **exame práctico 2** consistirá en dar resposta práctica a 2 aplicacións das vistas durante o cuadrimestre e elixidas ao azar polo/a alumno/a: 1 de masoterapia ou de relaxación miofascial (cun valor de 2,5 puntos) e 1 de drenaxe linfático manual (cun valor de 1 punto). As preguntas valoraranse de 0 a 10 pero despois ponderaranse ao valor sinalado.

Este exame farase na data oficial de exame da materia (xaneiro).

En caso de non aprobar a materia, os exames superados (un 5 ou máis) gardaranse para a convocatoria de segunda oportunidade. Ademais, no caso de que o/a alumno/a non aprobe cada unha das partes da materia, e aínda que a media dea unha cualificación de aprobado, este/a suspenderá a materia e se lle porá no acta unha cualificación de 4,5.

Pola súa parte, a distribución global da cualificación da materia NO CASO DE **AVALIACIÓN GLOBAL** pódese observar no seguinte esquema:

Nos distintos compoñentes, o/a alumno/a deberá acadar 5 puntos na escala de 0 a 10 puntos para poder dalos por superados.



	Porcentaxe	Puntos
Exame teórico	40%	4
Exame práctico	60%	6
TOTAL	100%	10

O **exame teórico**, pola súa parte, estará conformado por un exame de 8 preguntas de desenvolvemento curtas. Todas as preguntas terán o mesmo valor, valorándose dentro da escala de 0 a 10 puntos cada unha delas, pero despois ponderaranse á porcentaxe sinalada, e o exame terá unha duración de 90 minutos como máximo.

As 8 preguntas curtas² serán: 3 sobre masoterapia e relaxación miofascial, e 5 sobre o resto dos contidos.

A cualificación obtida fará media co exame práctico sempre e cando se acadase, cando menos, un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos.

O **exame práctico** consistirá en dar resposta práctica a 4 aplicacións das vistas durante o cuadrimestre elixidas ao azar polo/a alumno/a coas mesmas condicións que as descritas na avaliación continua e gardando o mesmo peso na cualificación global do exame práctico descrita nela. O valor deste exame será dun 60% do total da cualificación da materia.

Para presentarse ao exame práctico, o/a alumno/a terá que presentarse primeiro ao teórico.

Ao igual que no caso da avaliación continua, para poder superar a materia o/a estudante terá que aprobar tanto a parte teórica como práctica (obter un 5 de 10 ou máis en cada unha delas) e para facer media dentro de cada parte, terá que acadar, cando menos, un 4 nos exames teóricos e en cada unha das preguntas prácticas que a compoñen.

En caso de non aprobar a materia, o exame superado (un 5 ou máis) gardarase para a convocatoria de segunda oportunidade. Ademais, no caso de que o/a alumno/a non aprobe cada unha das partes da materia, e aínda que a media dea unha cualificación de aprobado, este/a suspenderá a materia e se lle porá no acta unha cualificación de 4,5.

² As preguntas curtas son ben de relacionar conceptos, ben de aplicación nunha situación concreta ou ben sobre contidos específicos. O xoves **14 de setembro** haberá una actividade de aprendizaxe colaborativa. Quen non a faga, terá unha pregunta teórica máis de masoterapia (na avaliación estándar) ou 2 preguntas máis no exame tipo test (avaliación continuada).